

Proxecto inicial.

Introdución.

Pois ben, claro que un dos principais obxectivos de embarcarme nesta experimentación con Descartes é observar e comprobar se empregar as NTIC modifica de algún xeito a implicación, o proceso de ensino-aprendizaxe, a relación dos alumnos e alumnas coa materia...

Desenvolvo a continuación os aspectos xerais do meu proxecto.

Obxectivos da Experimentación

Poderían quedar resumidos en:

- x Promove-la automomía dos alumnos na súa aprendizaxe.
- x Promove-la atención individualizada das alumnas e alumnos.
- x Atender a diversidade dentro do grupo.
- x Lograr unha actitude máis positiva, se cabe, de cara a materia.

Contidos matemáticos a tratar.

Pretendo realizar a experimentación propiamente dita cos seguintes temas:

- Fraccións de 2º ESO.
- Proporcionalidade de 2º ESO.

Grupo de alumnos.

O grupo de alumnos co que realizarei a experimentación será o de 2º ESO E.

Trátase dun grupo de 21 alumnos.

No grupo teño alumnos cos que xa traballei o curso anterior, na súa maioría.

Así mesmo no grupo tamén estou impartindo dúas ACIs, as dúas ao segundo ciclo de primaria; pero cada unha coas súas particularidades. Polo cal, terei que traballar ao mesmo tempo con outras UDD completamente diferentes, coido que estas últimas versarán sobre a Resta sen e con levadas, a iniciación a multiplicación, e o emprego do euro.

No referente as dúas ACIs, inda teño todo un pouco no aire.

Fechas e temporalización.

Teño en mente realizala parte de experimentación durante a segunda quincena de outubro, o mes de novembro, e posiblemente unha semana máis en decembro.

Como dispoño da totalidade de horas semanais na aula de informática, serían un total de 25-27 sesións.

Estás últimas afirmacións deben tomarse, de momento como orientativas, pois aínda estou ultimando estes detalles.